



# Concurso de doces de Nadal



- Poderá participar **todo o alumnado** matriculado durante o curso 2023/24.
- Os participantes deberanse inscribir [neste formulario](#) ata o **18 de decembro**.
- Para participar, é preciso preparar un doce de polo menos seis racións, típico dalgún dos países nos que se fala o idioma de estudo ou do país de orixe do alumno/a. O doce debe ser caseiro e non requirir conxelador.
- O doce virá acompañado dun folio tamaño A4 que inclúa o nome, país de orixe e breve descrición das razóns polas que é un doce especial. O texto redactarase no idioma de estudo.
- Haberá que traer os doces á escola o **20 de decembro antes das 16:30 h** xunto co folio A4.
- Concederanse 3 premios que consistirán en cestas de produtos típicos desta época do ano e un kit de produtos promocionais da EOI. Dous premios non poderán concorrer na mesma persoa.
- O xurado estará composto por varios membros da comunidade educativa e valorará os doces consonte aos seguintes criterios: sabor, presentación e relación co Nadal ou con outra tradición desta época do ano.
- A degustación das sobremesas terá lugar no salón de actos e na biblioteca o **20 de decembro pola tarde**.
- A escola publicará na web e nas redes sociais os nomes dos gañadores acompañados de fotografías da actividade.
- A participación neste concurso implica a aceptación das súas bases.

